

Quinto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

### Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2008.

P.D. (Orde 31-1-2006; DOG nº 24)  
Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria

### ANEXO H-I Suplentes concedidos

Solicitante	CIF	Código expediente	Título proxecto	Custo subvencionable	Instalacións e maquinaria	Adquisición de dereitos de patentes, licenzas, know-how ou coñecementos técnicos non patentados	% Subvención	Aplicación orzamentaria	Feder	Subvención concedida
Peugeot Citroën Automóviles España, S.A.	A36602837	IN841H-2008/43	Desenvolvemento e implantación de novos sistemas de última xeración para a aplicación de bases e cordóns de estanqueidade	1.482.500,00	1.482.500,00	0,00	25%	10.02.561A.770.0	Non	370.621,00
José Lantero e Hijos, S.A.	A81907677	IN841H-2008/9	Instalación industrial para a fabricación de envases de cartón ondulado	9.493.468,00	9.493.468,00	0,00	15%	10.02.561A.770.0	Non	69.137,97
								10.02.741A.771.0	Non	1.351.234,71
										1.424.020,20
Manipulados Faro, S.L.U.	B27708635	IN841H-2008/64	Creación dunha empresa con innovadores medios tecnolóxicos para a fabricación de artigos de papel	380.400,00	380.400,00	0,00	45%	10.02.741A.771.0	Non	171.180,00
González Couceiro S.L.U.	B36179299	IN841H-2008/76	Posta en marcha dunha liña de procesado de RCD para a súa integración co proxecto de H+D+i de elaboración de compost	1.142.063,00	1.142.063,00	0,00	45%	10.02.741A.771.0	Non	513.928,35
Benteler Automotive Vigo, S.L.	B50846807	IN841H-2008/44	Sistema 3D de corte láser rápido flexible e de alta produtividade	595.000,00	595.000,00	0,00	25%	10.02.741A.771.0	Non	148.750,00
Industrias Álvarez y Somme I. Alyson, S.A.	A36775674	IN841H-2008/61	Lanzamento de novos produtos para a introdución do poliestireno extruído como illante noutros mercados	897.592,00	897.592,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	314.157,20
Maier Ferroplast, S.L.	B36606598	IN841H-2008/71	Investimentos innovadores para implantar un sistema de produción axustada	727.779,00	687.779,00	40.000,00	25%	10.02.741A.771.0	Non	181.944,75
Confortlastic, S.L.	B36064798	IN841H-2008/48	Novo centro produtivo: novos produtos e procesos	414.850,00	414.850,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	145.197,50
Productora Faro, S.A.	A36029825	IN841H-2008/69	2008: Cara a unha converxencia dixital	407.382,00	407.382,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	142.583,70
Gráficas del Noroeste, S.A.	A36605038	IN841H-2008/62	Instalación de máquina innovadora de impresión offset para impresión de packaging profesional de máxima calidade	1.675.533,00	1.675.533,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	586.436,55
Meiga Montajes e Instalaciones de Galicia, S.L.	B36999159	IN841H-2008/13	Compra dos equipos máis avanzados tecnicamente para impresión dixital en gran formato	366.700,00	366.700,00	0,00	30%	10.02.741A.771.0	Non	110.010,00
Mosquera Villavidal, S.L.	B32117764	IN841H-2008/10	Instalación de secado e triturado de biomasa	483.700,00	483.700,00	0,00	45%	10.02.741A.771.0	Non	217.665,00
ITC Grupo de Empresas Eanpa, S.L.	B15940364	IN841H-2008/73	Centro de control para a sesión de efectivos móbiles	326.000,00	198.000,00	128.000,00	45%	10.02.741A.771.0	Non	146.700,00
Molduras Orense, S.A.	A32256240	IN841H-2008/77	Investimentos innovadores no sistema produtivo-loxístico	467.000,00	467.000,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	163.450,00
Maderas Gómez Orense, S.L.	B32206401	IN841H-2008/11	Melloras tecnolóxicas en industria de transformación de madeira	1.418.996,00	1.418.996,00	0,00	35%	10.02.741A.771.0	Non	496.648,60
Inoxidables Fegosan, S.A.	A36604775	IN841H-2008/72	Desenvolvemento liña de 400 toneladas para estampación novos produtos	400.000,00	400.000,00	0,00	40%	10.02.741A.771.0	Non	160.000,00
Incremento Grupo Inversor, S.L.	B97928162	IN841H-2008/12	Proxecto de investimento para a posta en funcionamento da explotación e planta de tratamento de minerais metálicos da mina de San Fins	1.328.079,00	1.328.079,00	0,00	44,40%	10.02.741A.771.0	Non	494.477,55
								10.02.741A.771.0	Si	95.250,00
										589.727,55
										443.406,49
										5.439.613,91
										5.883.020,40

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para 2009 as axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.*

A industria agroalimentaria ten carácter estratéxico para Galicia por favorecer a viabilidade das explotacións agrarias e do tecido económico das zonas rurais que as rodean fomentando, ademais, a creación e o mantemento do emprego, así como a fixación da poboación desas zonas. Por iso, é necesario promover o seu desenvolvemento e mellorar a súa competitividade, que está condicionada en moitos casos polas dificultades existentes para a comercialización das producións en mercados cada vez máis abertos e que exixen maiores esforzos en coñecemento e promoción.

Nese sentido, esta orde establece unha liña de apoio durante o ano 2009 aos investimentos das industrias agroalimentarias para realizar actuacións de promoción e mellora da comercialización das súas producións, e dirixida especificamente a fomentar a asistencia a certames comerciais, a elaboración de material promocional, a contratación de

estudos e asistencias técnicas, e a contratación e formación de persoal.

Por outra parte, o Regulamento(CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006 (DO L 379, do 28 de decembro), referente á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, é de aplicación ás axudas a empresas que operan na transformación e comercialización de produtos agrarios, e están exentas da obriga de notificación establecida no artigo 88 do Tratado se cumpren as condicións establecidas.

En virtude do exposto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar para o ano 2009 as axudas da Consellería do Medio Rural para actuacións de empresas privadas na promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos. A concesión das axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

*Artigo 2º.-Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas agrarias e agroalimentarias, excluídas as do sector forestal e de alimentación animal, que cumpran os seguintes requisitos:

-Que teñan como actividade maioritaria a elaboración e/ou comercialización de produtos agrarios ou agroalimentarios galegos. As materias primas utilizadas pola empresa deben ser agrarias maioritariamente (máis do 50%). Non serán subvencionables as empresas que teñan como actividade maioritaria o comercio por xunto ou polo miúdo nin a distribución, salvo que estean participadas maioritariamente por produtores ou elaboradores de Galicia.

-Que figuren inscritas no Rexistro de Industrias Agrarias ou de Actividades Catalogables cando sexa preceptivo.

-Que teñan o seu enderezo social en Galicia.

As empresas que soliciten axudas non se poden atopar en situación de crise, conforme o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

*Artigo 3º.-Conceptos subvencionables e contía das axudas.*

As axudas consistirán en subvencións de ata o 60% dos investimentos considerados como subvencionables. O imposto do valor engadido e outros impostos recuperables non son subvencionables.

Todas as actuacións para as que se solicite axuda deben ter viabilidade económica e ser coherentes coas actividades e dimensión das empresas solicitantes.

As actuacións e conceptos subvencionables son os seguintes:

## a) Material divulgativo e promocional.

Considérase subvencionable o deseño e a elaboración no ano 2009 de catálogos, folletos e publicirreportaxes promocionais en diferentes soportes (papel, vídeo, CD, DVD). Non será subvencionable outro tipo de material publicitario ou promocional (carteis, panfletos, material de papelería, etc.).

O importe máximo subvencionable admisible por solicitante será de 20.000 €.

## b) Participación en certames comerciais.

Considérase subvencionable a participación en feiras, minifeiras, certames comerciais e encontros empresariais do sector agrario e agroalimentario que se celebren fóra de Galicia desde o 1 de outubro de 2008 ata o 30 de setembro de 2009. Será tamén subvencionable a asistencia en Galicia á Semana Verde e a outros certames específicos que teñan carácter internacional recoñecido oficialmente.

Nesta epígrafe serán admisibles os seguintes gastos: gastos de inscrición e dereitos de asistencia, aluguer de espazo e servizos, realización de stand e equipamento, traslado de produtos, e contratación de persoal especificamente para o evento. Non serán

subvencionables os gastos de produtos, persoal e medios propios da empresa solicitante, nin tampouco a asistencia a concursos e xornadas gastronómicas.

O importe máximo subvencionable admisible por solicitante será de 60.000 €.

## c) Estudos e asistencias técnicas.

Serán subvencionables os gastos realizados no ano 2009 correspondentes a estudos de investigación e prospección de mercados, así como ao deseño de envases e elementos de presentación final de produtos.

Será tamén subvencionable o deseño, elaboración e ampliación de páxinas web e portais de comercio electrónico, sempre que se realicen no ano 2009 e se xustifique o seu destino para actividades promocionais e de mellora da comercialización.

Os gastos deste capítulo só serán admisibles se corresponden a servizos realizados por consultores e empresas externas. En todo caso, o importe máximo subvencionable admisible será de 25.000 € por solicitante.

## d) Formación.

Será subvencionable a asistencia do persoal das empresas a seminarios e cursos de formación relacionados coa xestión empresarial e a comercialización das súas producións, sempre que finalicen antes do 1 de outubro de 2009 e non se iniciasen con anterioridade ao ano 2008.

O importe máximo subvencionable admisible será de 10.000 € por empresa solicitante.

## e) Contratación de persoal.

Serán subvencionables os custos salariais, excluídas as cotizacións á Seguridade Social que lle corresponden á empresa contratante, do primeiro ano de contratación de persoal, sempre que:

-Realice especificamente funcións relacionadas coa promoción e comercialización dos produtos da empresa. As funcións e categoría profesional deben figurar no contrato.

-A contratación sexa realizada a partir do 1 de outubro de 2008, e ata o 30 de setembro de 2009.

-Cada contratación supoña creación neta de emprego na empresa.

Para a verificación do cumprimento da condición de creación neta de emprego, considerarase como referencia inicial a media do número de traballadores da empresa nos doce meses inmediatamente anteriores á contratación. Para eses efectos considerarase que existe creación neta de emprego cando a media do número de traballadores da empresa nos doce meses de duración do contrato subvencionado sexa superior á media de referencia inicial en tantos traballadores como novas contratacións se realicen.

O importe máximo subvencionable admisible por traballador contratado será de 30.000 €

*Artigo 4º.-Requisitos de execución.*

As actuacións previstas nas alíneas a) (Material divulgativo e promocional), b) (Participación en cer-

tames comerciais), c) (Estudos e asistencias técnicas) e d) (Formación) do anterior artigo, deberán estar pagadas na súa totalidade con data límite do 8 de outubro de 2009.

As actuacións previstas na alínea e) (Contratación de persoal) do anterior artigo, deberán estar finalizadas e pagadas con data límite do 8 de outubro do ano 2010.

*Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse no modelo A1(solicitud) que figura como anexo desta orde, xunto coa documentación adicional que se sinala no punto seguinte. O lugar de presentación será prioritariamente nos servizos centrais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes deberán estar acompañadas da seguinte documentación adicional:

-1. Anexo A2 (Memoria), cuberto correctamente e na súa totalidade.

-2. Declaración sobre non atoparse en situación de crise, ter o enderezo social en Galicia e outras axudas solicitadas ou concedidas, seguindo o modelo do anexo A3.

-3. No caso de ter contratos escritos con produtores agrarios deberase incluír unha relación deles, asinada polo solicitante, que conteña o DNI/NIF do produtor e as cantidades contratadas. No caso de que os contratos correspondan a contratos-tipo de compravenda homologados pola consellería, debe presentarse unha relación específica deles, así como fotocopia dos contratos que deberan levar o visado da comisión de seguimento correspondente.

-4. Fotocopia do IRPF no caso de persoas físicas, ou das contas de explotación e balance no caso de sociedades, do último ano fiscal.

-5. Fotocopia compulsada do DNI no caso de que o solicitante sexa unha persoa física ou do CIF definitivo se se trata dunha sociedade.

-6. Certificación da entidade bancaria que acredite a existencia da conta a nome do beneficiario, en que se solicita o pagamento da subvención.

-7. No caso de material divulgativo e promocional, estudos e servizos prestados por empresas terceiras, deberanse presentar facturas pro forma xustificativas do custo previsto, con relación detallada do seu contido e alcance. De acordo co artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no caso de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas pre-

sentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, debe xustificarse expresamente nunha memoria o criterio de elección.

-8. No caso de asistencia a cursos deberá acreditarse a pertenza á empresa da persoa asistente mediante presentación de fotocopia da nómina ou outra xustificación válida.

-9. No caso de industrias de agricultura ecolóxica, presentarán certificado de inscrición no Consello Regulador e certificado en que se especifiquen as producións amparadas en 2008.

Os modelos de anexos indicados no punto anterior e que se xuntan en formato papel con esta orde, están dispoñibles en formato dixital na páxina web da Guía do Cidadán da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/apps/gdp/benvidos.do>).

3. Se o solicitante non presenta a referida documentación no prazo máximo establecido ou se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase o interesado para que corrixa as deficiencias no prazo máximo e improrrogable de 10 días. De non facelo así, considerarase que desiste da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A presentación dos anexos indicados no número 2 deste artigo non cubertos na súa totalidade ou de forma incompleta, considerarase como non presentación da documentación requirida, e deberá emendarse conforme o disposto neste punto, coa presentación dun novo anexo cuberto correctamente.

4. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e, de ser o caso, o de emenda establecido no punto anterior, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento, nin incluíndo novos conceptos para os que se solicita axuda.

*Artigo 6º.-Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de xaneiro de 2009.

*Artigo 7º.-Criterios de prioridade.*

Para a selección dos proxectos que se vaian aprobar, e establecer a axuda que se vaia conceder, utilizaranse os seguintes criterios de valoración:

*Epígrafe 1º*

A) Asignaranse 60 puntos ás solicitudes de axuda de industrias agrarias que procesen maioritariamente (máis do 50%) produtos procedentes da produción agraria galega, e que o solicitante estea incluído nalgún dos seguintes casos:

-Que sexa unha entidade participada maioritariamente por cooperativas agrarias galegas.

-Que sexa un produtor titular da industria á que subministra a maioría (máis do 50%) das materias primas.

-Que sexa unha industria que teña contratos escritos con produtores agrarios galegos da maioría (máis do 50%) das materias primas que procesan.

-Que estean inscritos na denominación Agricultura Ecolóxica e comercializasen produción amparada no ano 2008.

B) Non obstante, non se incluírán na alínea A) as seguintes solicitudes:

-Solicitudes de empresas que, independentemente de utilizaren materias primas agrarias propias, adquiran materias primas a terceiros para as que a Consellería do Medio Rural homologou contrato-tipo de compravenda, e a cantidade adquirida mediante ese tipo de contratos non acade o 50% do total de produto comprado.

-Solicitudes de industrias lácteas que, sendo compradoras de leite a produtores, non cumpran os acordos sectoriais existentes na data da finalización do prazo de solicitude de axuda, destinados a mellorar a transparencia nas relacións entre produtores e industrias. Tampouco se incluírán nese punto as solicitudes de industrias lácteas que, non sendo compradoras de leite a produtores, adquiran o leite a empresas compradoras de leite a produtores, que non cumpran os devanditos acordos sectoriais.

Si se incluírán, porén, na alínea A) as solicitudes de industrias lácteas que procesen leite procedente maioritariamente (máis do 50%) das súas explotacións.

#### Epígrafe 2º

A) Asignaranse 50 puntos ás solicitudes de axuda de industrias agrarias que procesen maioritariamente (máis do 50%) produtos procedentes da produción agraria galega, e que o solicitante non estea incluído na alínea A) da epígrafe 1º.

B) Non obstante, non se incluírán na alínea A) as seguintes solicitudes:

-Solicitudes de empresas que, independentemente de utilizaren materias primas agrarias propias, adquiran materias primas a terceiros para as que a Consellería do Medio Rural homologou contrato-tipo de Compravenda, e a cantidade adquirida mediante ese tipo de contratos non acade o 50% do total de produto comprado.

-Solicitudes de industrias lácteas que, sendo compradoras de leite a produtores, non cumpran os acordos sectoriais existentes na data da finalización do prazo de solicitude de axuda, destinados a mellorar a transparencia nas relacións entre produtores e industrias. Tampouco se incluírán na alínea A) as solicitudes de industrias lácteas que non sendo compradoras de leite a produtores, adquiran o leite a empresas compradoras de leite a produtores, que non cumpran os devanditos acordos sectoriais.

Si se incluírán, porén, na alínea A) as solicitudes de industrias lácteas que procesen leite procedente maioritariamente (máis do 50%) das súas explotacións.

#### Epígrafe 3º

Asignaranse 30 puntos ás solicitudes de axuda de industrias agrarias que procesen maioritariamente (máis do 50%) produtos procedentes da produción agraria galega, e que non estean incluídas na alínea A) da epígrafe 1º ou 2º, así como ás solicitudes de industrias agrarias que non procesen maioritariamente (50% ou menos) produtos procedentes da produción agraria galega.

#### Artigo 8º.-Promoción do uso do galego.

No caso de solicitude de axuda para a edición de catálogos, folletos e publirreportaxes subvencionables, a consellería incrementará en 5.000 € o importe do investimento máximo subvencionable establecido para estes conceptos cando a edición inclúa como idioma o galego e se cumpran o resto dos requisitos da convocatoria. Nese caso, o solicitante deberá indicar expresamente na súa solicitude o orzamento e características do material que editará con idioma galego.

#### Artigo 9º.-Tramitación de solicitudes.

1. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A resolución de cada expediente corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural por proposta da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, logo da avaliación das solicitudes por un órgano colexiado, que estará presidido polo subdirector de Industrias e Calidade Agroalimentaria, e integrado por dous funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado.

2. As solicitudes resolveranse nun prazo máximo de seis meses contados desde a publicación desta orde. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderá entenderse desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria poderá solicitar calquera aclaración ou documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.

4. Non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias (Ministerio de Economía e Facenda) e fronte á Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Economía e Facenda).

Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Economía e Facenda.

5. A resolución de concesión indicará os conceptos subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se consideren necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos da axuda.

Especificamente indicará o prazo máximo para a realización e xustificación das actuacións previstas, que será polo menos posterior en dez días á data de finalización prevista no calendario presentado, sen que se supere na anualidade de 2009 a data do 8 de outubro.

6. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

*Artigo 10º.-Tramitación do pagamento das axudas.*

Executadas e pagadas as actuacións obxecto da axuda, o beneficiario presentará, preferentemente nos servizos centrais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos prazos máximos establecidos, a solicitude de pagamento da axuda xunto co acreditación do cumprimento dos requisitos e condicións establecidas, consistente en:

a) Xustificación dos gastos efectuados: presentárase unha relación ordenada de todos os documentos que se presenten para xustificar os gastos, seguindo o modelo incluído como anexo B1. A esta relación xuntaranse os xustificantes dos gastos efectuados, que con carácter xeral consistirán en facturas orixinais ou fotocopia compulsada delas, así como xustificantes do seu pagamento, que deberá realizarse de forma habitual a través de entidades bancarias.

No caso de contratación de persoal presentarase fotocopias compulsadas das nóminas pagadas e dos TC1 e TC2.

b) Xustificación de ter o enderezo social en Galicia, non incorrer en incompatibilidade con outras axudas e de non atoparse en situación de crise: presentárase declaración asinada seguindo o modelo do anexo A3.

c) Xustificación das actuacións desenvolvidas. Presentarase:

-c.1) No caso de elaboración de catálogos, folletos e publinreportaxes, un exemplar do material editado.

-c.2) No caso de páxinas web e portais de comercio electrónico: fotocopia das páxinas realizadas e referencia á súa localización na rede.

-c.3) No caso de estudos: unha copia destes así como unha memoria do beneficiario de valoración do estudo.

-c.4) No caso de asistencia a cursos e seminarios: certificado de asistencia.

-c.5) No caso de contratación de persoal: fotocopia compulsada do DNI do traballador e do contrato. Para o pagamento final deberase acreditar, ademais, a creación neta de emprego mediante a presentación

dos TC1 e TC2 dos doce meses anteriores á contratación e dos doce meses correspondentes ao contrato subvencionado, así como a documentación adicional que se considere oportuna para ese fin.

d) Calquera outra que se sinala expresamente na resolución de concesión.

O beneficiario deberá xustificar o investimento conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser parciais ou total. Os pagamentos anteriores ao pago final terán o carácter de pagamentos parciais. Cando se tramite un pagamento parcial, se o solicitante é beneficiario dunha axuda total superior a 30.050 € para esa actuación, deberá presentar con anterioridade ao pagamento da axuda, unha garantía constituída por seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá acadar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión. A garantía deberá cubrir o importe dos pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude de pagamento e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión. As garantías serán liberadas unha vez comprobada a realización da actividade para a que se concedeu a subvención. Para eses efectos consideraranse como gastos independentes os correspondentes a cada unha das actuacións realizadas non dependentes doutras aprobadas.

*Artigo 11º.-Seguimento e control.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. As resolucións de concesión de subvención establecerán o prazo máximo de xustificación dos investimentos. Non obstante, poderase conceder, por pedimento xustificado do interesado realizado antes da finalización do prazo establecido, e sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, unha ampliación do dito prazo, sen que en ningún caso se superen as datas máximas establecidas no número 5 do artigo 9º.

3. Calquera modificación que afecte substancialmente a realización dos investimentos e gastos aprobados deberá ser previamente comunicada á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Non se admitirán modificacións que supoñan un incremento do gasto subvencionable aprobado para cada un dos tipos de investimento sinalados no artigo 3º. Tampouco se admitirán, no caso de asistencia a certames comerciais, modificacións que supoñan a participación en eventos non

incluídos na solicitude de axuda e aprobados na resolución de concesión.

No caso de redución da contía dos gastos realizados, e sempre que se manteñan os obxectivos iniciais e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 12.º do Decreto 287/2000, a subvención verase reducida na contía proporcional correspondente.

4. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar estes, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 12º.-*Incumprimento, reintegro e réxime de infraccións e sancións.*

1. Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos investimentos aprobados nos prazos establecidos, e cumprindo co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida. No caso contrario existirá un incumprimento, en que se aplicarán os seguintes criterios:

-Cando o beneficiario non realice e xustifique nos prazos establecidos ningunha das actuacións obxecto da axuda, existirá un incumprimento total e non se pagará ningunha axuda, debendo ademais reintegrar, de ser o caso, as contías percibidas anticipadamente.

-Cando o beneficiario realice parcialmente e xustifique nos prazos establecidos as actuacións obxecto da axuda, aboarse a subvención proporcional correspondente sempre que correspondan a actuacións finalizadas e se cumpra o resto das condicións establecidas.

2. En calquera caso, procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e dos xuros de mora acumulados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Cumprimento da normativa comunitaria sobre axudas estatais.*

As axudas reguladas por esta orde ampáranse no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15

de decembro de 2006 (DO L 379, do 28 de decembro), referente á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

Artigo 14º.-*Compatibilidade.*

As axudas concedidas a través desta orde son incompatibles con calquera outra concedida para os mesmos conceptos.

Ademais, o importe da subvención concedida sumado a outras axudas *de minimis* recibidas polo beneficiario non superará o importe de 200.000 € nun período de tres anos fiscais.

Artigo 15º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 11.03.713D 770.0, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000 €) para a anualidade 2009 e un millón de euros (1.000.000 €) para a anualidade 2010. O citado importe poderase incrementar con outros remanentes da mesma aplicación orzamentaria.

Esta orde tramitase conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2009, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, e en trámite parlamentario actualmente.

Artigo 16º.-*Réxime de recursos.*

A resolución da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa.

*Disposición adicional*

En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que considere necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO A1

**SOLICITUDE**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A EMPRESAS PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR305A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Na súa representación:**

DON/DONA	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO	TELÉFONO MÓBIL
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**RESUMO DOS INVESTIMENTOS**

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO PREVISTO
MATERIAL DIVULGATIVO E PROMOCIONAL	<input type="text"/>
PARTICIPACIÓN EN CERTAMES COMERCIAIS	<input type="text"/>
ESTUDOS E ASISTENCIAS TÉCNICAS	<input type="text"/>
FORMACIÓN	<input type="text"/>
CONTRATACIÓN DE PERSOAL	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>	<input type="text"/>

SOLICITA que lle sexan concedidas para os gastos relacionados as axudas establecidas nesta orde de axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

Quen abaixo asina DECLARA QUE dá expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para 2009 as axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL  _____, de _____ de _____	RECIBIDO  <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	REVISADO E CONFORME  <input type="text"/>	DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Conselleiro do Medio Rural

Edificio administrativo San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela

ANEXO A2

MEMORIA

1. Datos da empresa

EMPRESA		CIF/NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, CONCELLO, PROVINCIA, CÓDIGO POSTAL)		
<input type="text"/>		
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ACTIVIDADE PRINCIPAL		
<input type="text"/>		
LOCALIZACIÓN DA INDUSTRIA		Nº DE EMPREGADOS
<input type="text"/>		<input type="text"/>
Nº REGISTRO INDUSTRIAS AGRARIAS	ESTÁ INSCRITO NO CONSELLO REGULADOR DE AGRICULTURA ECOLÓXICA	TIVO PRODUCCIÓN DE AGRICULTURA ECOLÓXICA EN 2008
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

2. Relación de materias primas agrarias utilizadas e produtos elaborados

	DENOMINACIÓN	CANTIDADE
<b>MATERIAS PRIMAS PROCESADAS E/OU COMERCIALIZADAS</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>PRODUTOS ELABORADOS E/OU COMERCIALIZADOS</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3. Procedencia das materias primas agrarias procesadas ou comercializadas actualmente (%), ou prevista a curto prazo (novas industrias)

<b>GALICIA</b>	<b>FÓRA DE GALICIA</b>
<input type="text"/> %	<input type="text"/> %

#### 4. Procedencia das materias primas agrarias de orixe galega utilizadas

- a) Materias primas agrarias de orixe galega de produción propia (incluídas as dos socios no caso de cooperativas ou doutras sociedades):

- Cántidade total producida:

- b) Materias primas agrarias de orixe galega adquiridas a outros produtores:

- Mediante contratos-tipo homologados:

- Número total de contratos-tipo homologados:

- Cántidade total contratada:

- Mediante outros contratos escritos:

- Número de contratos:

- Cántidade total contratada:

- Sen contratos escritos:

- Cántidade total comprada:

#### 5. Acordos sectoriais (no caso de industrias lácteas)

- A industria láctea é compradora de leite a produtores:

SI       NON

- No caso de ser compradora de leite a produtores, está cumprindo os acordos sectoriais existentes destinados a mellorar a transparencia nas relacións entre produtores e industrias?

SI       NON

- No caso de non ser compradora de leite a produtores, cómpralles leite a empresas que son compradoras de leite a produtores e que cumpren os acordos sectoriais existentes destinados a mellorar a transparencia nas relacións entre produtores e industrias?

SI       NON

En caso afirmativo, indicar as empresas subministradoras:

<i>NOME</i>	<i>NIF</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

#### 6. Destino dos produtos vendidos (%)

<i>GALICIA</i>	<i>ESPAÑA</i>	<i>ESTRANXEIRO</i>
<input type="text"/> %	<input type="text"/> %	<input type="text"/> %

**7. Actuacións a desenvolver**

A.- Material divulgativo e promocional

<i>CONCEPTO</i>	<i>IDIOMAS</i>	<i>SOPORTE</i>	<i>Nº EXEMPLARES</i>	<i>CUSTO (sen IVE)</i>
<b>CUSTO TOTAL</b>				

B.- Asistencia a certames comerciais

	<i>Gastos inscrición e espazo</i>	<i>Gastos stand e equipamentos</i>	<i>Traslado produtos e persoal stand</i>	<i>GASTO TOTAL</i>
CERTAME: <input type="text"/>				
LUGAR: <input type="text"/>				
DATAS: <input type="text"/>				
CERTAME: <input type="text"/>				
LUGAR: <input type="text"/>				
DATAS: <input type="text"/>				
CERTAME: <input type="text"/>				
LUGAR: <input type="text"/>				
DATAS: <input type="text"/>				
CERTAME: <input type="text"/>				
LUGAR: <input type="text"/>				
DATAS: <input type="text"/>				
CERTAME: <input type="text"/>				
LUGAR: <input type="text"/>				
DATAS: <input type="text"/>				
<b>GASTO TOTAL</b>				

## C.-Estudos e asistenciais técnicas

<i>OBXECTO</i>	<i>CUSTO (sen IVE)</i>
<b>CUSTO TOTAL</b>	

Indicar os obxectivos específicos dos estudos e asistenciais técnicas sinaladas e xustificar razoadamente o seu interese para a empresa.

--

D.- Formación

		<i>CUSTO TOTAL (sen IVE)</i>
CURSO:		
LUGAR:		
DATAS:		
ORGANIZADOR:		
ASISTENTES:		
CURSO:		
LUGAR:		
DATAS:		
ORGANIZADOR:		
ASISTENTES:		
CURSO:		
LUGAR:		
DATAS:		
ORGANIZADOR:		
ASISTENTES:		
<b>CUSTO TOTAL</b>		

E.- Contratación de persoal

<i>POSTO DE TRABALLO</i>	<i>DATA DE CONTRATACIÓN</i>	<i>SOLDO BRUTO TOTAL</i>
<b>TOTAL</b>		

Indicar a relación de persoal da empresa antes da contratación: nome, categoría laboral e período de ocupación ao ano:

Indicar as funcións do novo persoal que se vai contratar:

--

### 8. Resumo dos custos e calendario de execución:

<i>ACTIVIDADE</i>	<i>CUSTO (sen IVE)</i>
A.- MATERIAL DIVULGATIVO E PROMOCIONAL	
B.- PARTICIPACIÓN EN CERTAMES COMERCIAIS	
C.- ESTUDOS E ASISTENCIAS TÉCNICAS	
D.- FORMACIÓN	
E.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL	
<b>CUSTO TOTAL</b>	

Don/Dona , con DNI ,  
 en representación da empresa solicitante como  dela, declara  
 que son certos os datos e a información sinalada e comprométese a achegar todos os xustificantes necesarios para a súa comprobación.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura:

### ANEXO A3

#### DECLARACIÓN PARA PRESENTAR

Don/Dona , con DNI ,  
 en representación da empresa , con NIF ,  
 en relación coa solicitude de axuda presentada ao abeiro da Orde do \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008, pola que se establecen as bases e se convocan para  
 2009 as axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos,

#### DECLARA:

1. A empresa non se encontra en situación de crise conforme o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).
2. A empresa ten o seu domicilio social en Galicia.
3. A empresa solicitou unicamente as seguintes axudas oficiais para os gastos incluídos neste expediente:

<i>ORGANISMO</i>	<i>CONVOCATORIA</i>	<i>CONCEPTOS</i>	<i>IMPORTE</i>

4. As axudas solicitadas non están concedidas nin pagadas.

5. As axudas concedidas á empresa nos últimos tres anos fiscais, para actuacións subvencionadas por convocatorias acollidas á normativa *de minimis* (Regulamento CE 1998/2006) suman un total de:  euros.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura:

ANEXO B1

**RELACIÓN DE XUSTIFICANTES**  
(relativa aos gastos desta petición de pagamento)

\*CÓDIGOS: 1.- Cheque e cargo na conta  
2.- Transferencia bancaria e cargo na conta  
3.- Letra de cambio vencida e cargo na conta  
4.- Outros (indicar)

Nº páxina:  Código de expediente:

GASTO APROBADO		JUSTIFICANTES DEL GASTO					XUSTIFICANTES DO PAGAMENTO	
Denominación	Custo aprobado (sen IVE)	Nº factura ou xustificante	Data	Emitida por:	Obxecto do gasto	Importe (sen IVE)	Código*	Data
A.- MATERIAL DIVULGATIVO E PROMOCIONAL:								
Subtotal:								
B.- PARTICIPACIÓN EN CERTAMES COMERCIAIS:								
Subtotal:								
C.- ESTUDOS E ASISTENCIAS TÉCNICAS:								
Subtotal:								
D.- FORMACIÓN:								
Subtotal:								
E.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL:								
Subtotal:								
<b>TOTAL:</b>								

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

*Resolución do 1 de outubro de 2008 pola que se aproban as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica.*

Vistas as solicitudes de subvencións destinadas á realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica, de ámbito autonómico, presentadas por estas asociacións/fundacións, e tendo en conta o cumprimento dos requisitos e trámites establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Vista a proposta da Comisión de Valoración prevista no artigo 7 da dita Orde do 5 de maio e tendo en conta os criterios sinalados no seu artigo 7,

**RESOLVO:**

Concederlles as axudas, sinaladas no anexo, ás asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

As actividades realizadas a que fai referencia esta resolución deberán xustificar a totalidade do orzamento antes do 1 de novembro do ano 2008, segundo o artigo 10 da orde de convocatoria do 5 de maio de 2008.

Notificarlles aos interesados esta resolución, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o